

**REUNIÓN DA COMISIÓN DE  
INVESTIGACIÓN PARA ANALIZAR E  
AVALIAR A EVOLUCIÓN ECONÓMICO-  
FINANCEIRA DAS ANTIGAS CAIXAS DE  
AFORROS E AS CAUSAS E  
RESPONSABILIDADES DA SÚA  
TRANSFORMACIÓN EN BANCOS,  
INCLUÍNDO AS INDEMNIZACIÓNS  
MILLONARIAS DOS SEUS EX  
DIRECTIVOS, CO OBXECTO DE  
REMATAR OS TRABALLOS  
REALIZADOS NA IX LEX.**

Día: 13.07.2017

Hora: 12:30



A Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX Lex. da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de xullo de 2017, ás 12:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Modificación do plan de traballo da Comisión aprobado o 23 de marzo de 2017 coa inclusión de nova información documental**

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

Marta Rodríguez Arias  
Presidenta da Comisión

(Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX Lex.

RELACIÓN DE MEMBROS DE  
**COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA ANALIZAR  
E AVALIAR A EVOLUCIÓN ECONÓMICO-  
FINANCEIRA DAS ANTIGAS CAIXAS DE  
AFORROS E AS CAUSAS E  
RESPONSABILIDADES DA SÚA  
TRANSFORMACIÓN EN BANCOS, INCLUÍNDO AS  
INDEMNIZACIÓNS MILLONARIAS DOS SEUS EX  
DIRECTIVOS, CO OBXECTO DE REMATAR OS  
TRABALLOS REALIZADOS NA IX LEX.**

POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

Presidenta	
Marta Rodríguez Arias	P
Vicepresidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Secretario	
José Manuel Lago Peñas	EM

**Vogais**

Teresa Egerique Mosquera	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
José González Vázquez	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María Guadalupe Murillo Solís	P
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Antón Sánchez García	EM
Gonzalo Trenor López	P

Reunión da Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX Lex.

Día: 13.07.2017

Hora: 12:30

Orde do día

1. Modificación do plan de traballo da Comisión aprobado o 23 de marzo de 2017 coa inclusión de nova información documental

**Plan de traballo da Comisión de investigación constituída para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura**

A Comisión reunida o 23 de marzo de 2017 e ao abeiro do disposto no artigo 11 das Normas reguladoras da Comisión, aprobou o seguinte de Plan de traballo:

**1ª FASE: DOCUMENTACIÓN E COMPARECENCIAS.**

Encomendarlle a Administración do Parlamento de Galicia que, á maior brevidade posible, poñan a disposición dos membros da Comisión:

1.- Toda a información reunida na IX Lexislatura na Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, e que figura no Anexo ao presente escrito.

2.- Á dita información engadirase:

- Copias das sentenzas 00040/2015 da Audiencia Nacional e 3975/2016 do Tribunal Supremo sobre a causa seguida contra os ex directivos de NovaCaixaGalicia polas indemnizacións recibidas.
- Informe de fiscalización do proceso de reestruturación bancaria, exercicios 2009 a 2015 elaborado polo Tribunal de Cuentas.
- Acordo da Comisión Rectora del Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria, de 30 de xullo de 2012, polo que se detallan os criterios e condicións ás que se axustará a súa actuación nos procesos de reforzamento dos recursos propios de entidades de crédito no ámbito da asistencia financeira europea para a recapitalización.
- Plan de Resolución de NCG Banco SA, aprobado o 28 de novembro de 2012 pola Comisión Europea. (*State aid n° SA.33734 (2012/N) – Spain Restructuring of NCG*)
- Resolución de 7 de xuño de 2013, da Comisión Rectora del Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria, pola que se acorda implementar accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada en execución do Plan de Resolución de NCG Banco SA, aprobado o 27 de novembro de 2012 polo FROB e o Banco de España e o 28 de novembro de 2012 pola Comisión Europea.

- Modificación do Plan de Resolución (State aid nº SA. 38143 (2014/N) – *Spain Restructuring of NCG through its acquisition by the Banesco Group*)
- Resolución de 23 de xuño de 2014, da Comisión Rectora del Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria, pola que se acorda a transmisión de seiscentos tres millóns seiscentas setenta e unha mil cento sesenta accións (603.671.160 millóns) de NCG Banco SA, titularidade del Fondo de Garantía de Depósitos.
- Informe do FROB sobre o procedemento de venda de NCG Banco SA.
- Solicitar á Xunta de Galicia un Informe co balance dos procedementos de arbitraje levados a cabo polo Instituto Galego de Consumo en relación cos e coas titulares das participacións preferentes das antigas caixas de aforros galegas.
- Solicitar á entidade ABANCA informe sobre a situación a día de hoxe en relación cos e coas titulares das participacións preferentes das antigas caixas de aforros galegas.
- Informes de valoración da entidade NCG Banco SA emitidos por tres expertos designados polo FROB: Barclays, Enrnst & Young, HSBC.
- *Due Diligence* encargada polo FROB e realizada por PwC sobre estes informes, que determinou o valor económico de NCG Banco SA.
- Caderno de venda de NCG Banco SA encargado polo FROB á entidade BNP-Paribas.
- Informes encargados polo FROB para xustificar e desenvolver o proceso de venda da banca nacionalizada: McKinsey & Co. e Nomura International PLC.
- Proposta presentada polo resto de participantes no proceso de compra.
- Expedientes enviados polo FROB á fiscalía relativos a operacións inmobiliarias de Caixa Galicia e Caixa Nova.
- Informe da consultora Deloitte coa valoración de NCG Banco SA para a súa fusión co Banco Etxeberría.
- *Term Sheet* de NCG Banco SA.
- Informes de supervisión e seguimento dos procesos de reestruturación bancaria relativos ás antigas caixas de aforros galegas realizados polo FROB.
- Toda a documentación relativa á indemnización de D. José Luís Méndez, incluíndo as actas dos órganos de dirección e goberno da Caixa Galicia ao respecto.

- Listado de activos traspasados á SAREB por parte das antigas caixas durante o proceso de reestruturación bancaria.
- Relación detallada de bens ou activos de calquera das entidades galegas vendidos ou cedidos a membros dos comités de dirección das caixas de aforros galegas ou familiares ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade, desde o ano 2004.

3.- Asemade, poranse a disposición dos membros da Comisión as transcricións literais de todas as comparecencias substanciadas de forma oral ou por escrito na Comisión da IX Lexislatura:

- D. Ángel Vilariño Sanz, profesor universitario de Economía Cuantitativa da Universidade Complutense de Madrid
- D. José Álvarez Cobelas, Ex director xeral de Política Financeira
- Don José Ramón Fernández Antonio, ex conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.
- Don Eugenio García Lalinde, ex director xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia
- D. Julio Fernández Gayoso. Ex director Xeral de Caixanova e ExPresidente de Caixanova e de Novacaixagalicia.
- D. Mauro Varela Pérez. Ex Presidente de Caixa Galicia e de Novacaixagalicia.
- D. José Luís Méndez López. Ex Director Xeral Caixa Galicia.
- D. José Luís Pego Alonso. Ex Director Xeral de Caixanova e de Novacaixagalicia.
- D. Carlos Trevijano Aristegui e D. Francisco Gibert Pibernat, da Consultoría KPMG.
- D. José M.<sup>a</sup> Sanz Olmeda e D. José Wahnnon Levy, do Grupo PWC
- D. Carlos Jimenez Lambea, do Grupo Deloitte.
- D. Ramón Álvarez Novoa. Ex presidente da Comisión de Control de Caixanova
- D. Francisco Javier García de Paredes Moro. Ex director xeral adxunto de Caixa Galicia e de Novacaixagalicia
- D. Manuel Conthe Gutiérrez. Ex presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores e ex secretario de Estado de Economía.



- D. José Antonio Redondo López. Catedrático de Economía Financeira da Universidade de Santiago de Compostela.
- D. Joaquín Caballero Miranda. Asistente en representación da Consellería de Facenda na Comisión de Control de Novacaixagalicia.
- D. Manuel Galdo Pérez. Director xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia.
- D. José Luís García Pita. Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade da Coruña.
- D. Xosé Manuel Sánchez Aguión, secretario xeral do Sindicato Nacional de CC.OO e D. Julian María Valiente Romero, secretario da Federación de Banca de CC.OO.
- D. José Antonio Gómez Gómez, secretario xeral de UGT Galicia e D. José Ramón de Pieglo-Valdes González, responsable de aforro de FES-UGT
- D. Suso Seixo Fernández, secretario xeral da CIG e D. Clodomiro Montero, secretario nacional de CIG-Banca.
- Don Luís Paz, representante da Confederación de sindicatos independentes de caixas de aforros e afíns.
- D. Antonio Fontenla Ramil, presidente da Confederación de Empresarios de Galicia.
- D. José Manuel Campa Fernández, ex secretario de Estado de Economía.
- D. Víctor Moro Rodríguez, ex director xeral del Banco de España.
- D. José Manuel García Iglesias, ex responsable da Fundación Obra Social.
- D. Guillermo Brea Vila, ex xerente da Obra Social.
- D. Carlos González Príncipe, ex alcalde do Concello de Vigo.
- D. Pedro Otero Espinar, xerente da Obra Social Novacaixagalicia.
- D. Marcos Fuentes Castro, representante da Mesa de Negociación da Fundación Especial Novacaixagalicia.
- D.<sup>a</sup> María Jesús Freire, ex presidenta da Comisión de control de Novacaixagalicia
- D. Gaspar Ariño Ortiz - Designado pola CECA
- Dona Ana María Cedeira Zas, representante da Plataforma de Afectados Preferentes da Coruña.





- Don Xesús Domínguez, representante da Plataforma de Afectados Preferentes de Santiago
- Don Manuel Pardos Vicente, representante de ADICAE (Asociación de usuarios de Bancos, Caixas e Seguros de España)
- Dona Fátima Entenza Martínez, representante da Plataforma de Afectados Preferentes de Marín
- Don Daniel Rabuñal Rodríguez, representante da Plataforma de Afectados Preferentes de Pontevedra
- D. Carlos Varela García, fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- D. Julio Segura Sánchez, ex presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- D.<sup>a</sup> Sol María Vázquez Abeal, directora xeral de Comercio da Xunta de Galicia.
- D. Alberto Núñez Feijoo, Presidente da Xunta de Galicia.
- D. José María Castellano Ríos, presidente de Novagalicia Banco.
- D. César González Bueno, conselleiro delegado Novagalicia Banco.
- D. Miguel Ángel Fernández Ordóñez, Ex gobernador do Banco de España (contestación a cuestionario)
- D.<sup>a</sup> Marta Fernández Currás. Ex conselleira de Facenda da Xunta de Galicia (contestación a cuestionario).
- D. Joaquín Almunia Amann, ex comisario de Asuntos Económicos e Monetarios (contestación a cuestionario).

## **2ª FASE Traballo en Ponencia.**

Tendo en conta a documentación, informes e comparencias antes relacionadas, e unha vez constituída, iniciaránse os traballos de elaboración da proposta de ditame en Ponencia.

No transcurso dos traballos da Ponencia se fose necesario para elaborar a proposta de ditame, a iniciativa dun Grupo Parlamentario a comisión decidirá si solicita novos informes, documentos ou aclaracións referidos ó obxecto da comisión.

## **3ª FASE Debate e aprobación da proposta de ditame pola comisión para a súa elevación ao Pleno.**

**Á Mesa da Comisión de investigación constituída para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, solicita incorporar ao Plan de Traballo da Comisión o seguinte documento:

-Copia da sentenza 00140/2017 do Xulgado do Social nº3 da Coruña sobre a demanda interposta por parte da representación de ABANCA, coa intervención do FROB, contra Javier García de Paredes.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 27/03/2017 18:42:07**

**Á Mesa da Comisión de investigación constituída para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, solicita incorporar ao Plan de Traballo da Comisión os seguintes documentos:

- Copia da denuncia presentada pola Confederación Intersindical Galega (CIG) ante o Xulgado Central de Instrución nº1 da Audiencia Nacional por presunta administración desleal, estafa e falsidade de contas por parte dos membros do consello de administración e do comité de control de Caixa Galicia.
- Copia do auto de arquivo do Xulgado Central de Instrución nº1 da Audiencia Nacional relativo á devandita denuncia.
- Informe sobre a Crise Financeira e Bancaria en España, 2008-2014 elaborado polo Banco de España.

Polo exposto, ínstase á Mesa da Comisión a que tome as accións oportunas para que tanto esta documentación como a solicitada a través do escrito nº 7136 se incorpore o antes posible ao Plan de Traballo.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 19/06/2017 14:16:26**